



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 11 de maio de 2006, adoptou a seguinte,

RESOLUCIÓN:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación Serra de Larouco (integrado por 3 parcelas); A Escusa ou Penedo (integrado por 2 parcelas); Lama dos Lodiños; Gurita (integrado por 3 parcelas); O Corgo; Lama de Armental e A Millara; Outeiro de Chamardal; Poulas de Santamariña; Toxas; Lama das Toxas; Poulón da Raposeira; Muíños, Toxas ou Poulón, A Touza e Penedos das Moreiras; As Laxas; Torgal Moreiras, a solicitude dos veciños de Gudín, nos concellos de Xinzo de Limia e Cualedro (Ourense), resultan os seguintes,

FEITOS:

Primeiro.- Con data 18 de xuño de 2004 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da consellería de Medio Ambiente en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de varios veciños do lugar de Gudín parroquia de San Miguel de Gudín, concello de Xinzo de Limia, no que solicitan a clasificación como veciñal e man común do devandito monte a favor dos veciños de Gudín.

Segundo.- Con data 20 de outubro de 2004 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instructor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.- Durante o prazo concedido para formular alegacións non consta que se tivera presentado alegación ningunha que cuestionara o aproveitamento consuetudinario do monte pola comunidade veciñal solicitante.





Cuarto.- Do informe aportado polo servizo de Montes e Industrias Forestais e da demais documentación obrante no expediente o monte obxecto de clasificación descríbese como segue:

Concellos: Xinzo de Limia e Cualedro (Ourense)

Denominación do monte: Serra de Larouco (integrado con tres parcelas); A Escusa ou Penedo (integrado por 2 parcelas); Lama dos Lodiños; Gurita (integrado por 3 parcelas); O Corgo; Lama de Armental e A Millara; Oteiro de Chamardal; Poulas de Santamariña; Toxas; Lama das Toxas; Poulón da Raposeira; Muíños, Toxas ou Poulón, A Touza e Penedos das Moreiras; As Laxas; Torgal Moreiras

Comunidade propietaria: veciños de Gudín

Superficie: 148,052 ha en conxunto , aproximadamente.

Monte denominado Serra do Larouco, integrado por 3 parcelas: A,B,C.

Referencia catastral: polígono 291, 285, 286.

Superficie aproximada en conxunto: 83,7932 ha.

Parcela A:

Superficie aproximada en conxunto: 69,4647 ha

Estremas:

Norte: do punto 24 ao punto 35: predios particulares do polígono 291: varios propietarios (parte da leira 242 do polígono 291)

Sur: parcela Serra de Larouco "C", límite municipal de Xinzo de Limia e Cualedro, Serra de Larouco, dos veciños de Lucenza (Cualedro)

Leste: do punto 35 ao punto 40: predios particulares do polígono 291, Antonio Fonseca Díaz (parcela 001), e varios propietarios (parte da parcela 242)

Oeste: do punto 8 ao punto 24: predios particulares do polígono 291: Juan Quintana Seoane (nº 250), Ubaldo Carballo (nº 251), Fortunato Rodríguez Lorenzo (nº 252), María Quintana Seoane (nº 253), Eladio Díaz Ferreiro (nº 255), ... , Gumersindo Colmenero Rodríguez (nº 108), José e Delfín Rodríguez Fidalgo (nº 106), Mercedes Parada Fidalgo (nº 101), parcela "As Laxas" dos veciños de Gudín (do punto 19 ao punto 20), Serra de Larouco dos veciños de Niñodagua (Baltar).





Parcela B:

Superficie aproximada en conxunto: 10,6058 ha

Estremas:

Norte: do punto 64 ao punto 1: predios particulares do polígono 286: Josefa Rodríguez Lorenzo (558), Jesús Domínguez Bembibre (557), ... descoñecido (545), Paz Salgado Seguí (544), Jesusa Feijoó Domínguez (533), do polígono 285: predios particulares: Juan Quintana Seoane (783), Alejandro Rodríguez Paz (784), Rosalía Salgado Rodríguez (785), María del Carmen Seguí Gómez e dous máis (786), Manuel Estevez Parada (755), Paz Salgado Seguí (753), Antonio Quiroga Seguí (752), Rosa Seguí Salgado (751) e tallada.

Sur: Parcela Serra de Larouco "C"

Leste: parcela Serra de Larouco "C" e punto 1 da acta de deslinde denominado Penedo Grande

Oeste: do punto 43 ao punto 63: predios particulares: polígono 291: Antonio Fonseca Díaz (1), Amador Bouzas Gómez (2), Purificación Bouzas Bouzas (32), Antonio Fonseca Díaz (29), María Gómez Suárez (28), Luís Seoane Atanes (27), Ángela Bouzas Lorenzo (26), Ana Paz Seoane e outro (22),; do polígono 286: predios particulares de Florentino Feijoó Domínguez (530), descoñecido (531), Avelino, Jesús, Marina e Julio Atanes Seoane (525), descoñecido (524), Manuel Seoane Lorenzo (543), Ana Paz Seoane (542), Manuela Seoane Atanes e outro (541), Asunción Lorenzo Gómez (540), David Lorenzo Domínguez (539).

Parcela "C":

Superficie aproximada en conxunto 3,7227 ha

Estremas:

Norte: parcela Serra de Larouco "A", parcela 001 do polígono 291, propiedade de Antonio Fonseca Díaz e parcela Serra de Larouco "B".

Sur: do punto 3 ao punto 8: dende o punto nº 3 ata o punto 6 e dende este ao cruzamento do límite municipal coa liña dos puntos resultantes da acta de deslinde, monte "Serra de Larouco", dos veciños de Lucenza (Cualedro).

Leste: punto 1 da acta de deslinde denominado Penedo Grande

Oeste: parcela Serra de Larouco "A".





Descrición perimetral do monte coas tres parcelas:

Partindo do extremo nordeste (punto nº 1, denominado Penedo Grande), o perímetro do monte parte en dirección suroeste, limitando co monte "Serra de Larouco" dos veciños de Lucenza (concello de Cualedro), seguindo os marcos do acordo de deslinde entre os concellos de Xinzo de Limia e Cualedro, que son:

Punto 1: "Penedo Grande", marco sito na parte máis alta dun afloramento rochoso coñecido como "Penedo Grande". Sinalizado cunha cruz metálica cravada na cima do penedo. De aquí en liña recta a,

Punto 2: "Cruceiro de Augalevada", marco sito na base dun cruceiro de formigón coñecido como "Cruceiro de Augalevada". Dende este punto vai en tiña recta a,

Punto 3: "Pozo dos Mouros", marco de pedra granítica tomado con cemento sito sobre a parte máis alta dun penedo na zona coñecida como "Pozo dos Mouros".

Punto 4: "Pena Muller", marco de pedra granítica tomado con cemento sito sobre unha rocha no sitio de "Pena Muller".

Punto 5: "Igrexiña dos Mouros", marco de pedra granítica tomado con cemento sito sobre unha rocha, a uns 3 metros por enriba da pista, na zona coñecida como "Igrexiña dos Mouros".

Punto 6: "Igrexiña dos Mouros", marco de pedra granítica tomado con cemento sito sobre unha rocha no sitio coñecida como "Igrexiña dos Mouros".

Desde este marco (punto nº 6), o perímetro baixa en tiña recta pola ladeira ata a "Fonte da Serra", onde existe un manancial pechado por unha caseta; de aquí en liña recta a un punto sito no exterior da pista, onde comeza a lindar cos predios particulares do sitio de "Praza da Serra", tomando dirección norleste e seguindo a poligonal formada polas paredes, valados e marcos das leiras particulares coas que estrema, ata chegar a unha tallada, segue por el, despois por unha pista – que separa as leiras particulares do monte– deixa a pista e continua por unha tallada; descende despois, en dirección noroeste (punto 43) lindando con predios particulares da paraxe de "Augalevada", delimitados por muros, valados e chantóns (marcos) dende os puntos 59-60 onde desemboca un camiño, vira dirección surlleste e sobe lindando con predios particulares ata saír a unha pista, crúzaa (punto 66), e continúa por esta uns 90 metros (dende o punto 67); aquí toma dirección norleste limitando con leiras particulares ata subir ao punto máis alto





dun outeiro, segue polo exterior dunha tallada ata o punto 77 e logo ao punto de partida (Penedo Grande).

Esta parcela enlaza co monte denominado "As Laxas", nos puntos 19 e 20

Monte denominado A Escusa ou Penedo integrado por 2 parcelas:

Superficie total en conxunto: 3,6692 ha, aproximadamente

Formada por dous predios separados pola estrada de Cualedro a Baltar.

Parcela 1: referencia catastral do polígono 282, polígono 287, polígono 283.

Superficie: 3,6262 ha aproximadamente.

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 11: estrada Cualedro a Baltar, predios particulares: do polígono catastral 282: Carmen Conde Seoane (nº 21), María Seoane Gómez (nº 19), Jesús Camilo Salgado Estévez (nº 18), Martín Paz Suárez (nº 17), Elisa Seoane Gómez (32), Felisindo Seguí Justo (nº 41) ..., Ignacio Gómez Pérez (nº 48), e Martín Paz Suárez (nº 49).

Sur: do punto 23 ao punto 44: predios particulares: do polígono catastral 283, Rosa Méndez Campos (nº 171), Amador Conde Carballo (44), Manuel López Álvarez (nº 43), Ana Conde Conde (nº 40); do polígono catastral 287: Josefa Seoane Gómez (nº 2), do polígono catastral 282: Vicente Pazos López (nº 559), Regato Languñizo, José e Delfín Rodríguez Fidalgo (nº 15), Virginia Paz Conde (14).

Leste: do punto 11 ao punto 23: Regato Languñizo, predios particulares: do polígono catastral 282, de Odón Paz Paz (nº 148), María Seoane Gómez (nº 145), Josefa e Antonio Bouzas Gómez (nº 137 e nº 134), Virginia Paz Gómez (nº 136), Carmen Conde Seoane (nº 135), María Seoane Parada (nº 133), Benjamín Dopazo Bouzas (nº 138), Camilo, Marina e Adolfo Gómez Colmenero (nº 139), hrdos José Suárez Moro (nº 140), Francisco Rivera Estévez (nº 141).

Oeste: do punto 44 ao punto 2: predios particulares: do polígono 282: José Rodríguez Fidalgo (nº 15), Virginia Paz Conde (nº 14), Felisindo, Benjamín e Rosa Dopazo Bouzas (nº 13), Antonio e Josefa Bouzas Gómez (nº 12), Antonia Salgado Alonso (nº 11), ... Teófilo Rodríguez Suárez (nº 7), Secundino López Álvarez (nº 5), Flores Gómez Pérez (nº 2) e Severo Domínguez Atanes (nº 1).





Descrición perimetral: A uns 25 m da ponte do Regato Languñizo, comeza a parcela, limitando polo norte coa estrada de Cualedro a Baltar, a uns 150 m — á altura dun camiño—, toma dirección sueste, seguindo a poligonal formada polos muros dos predios particulares do sitio de Penedo, cambia de dirección e atravesa un camiño e o Regato Languñizo, discorrendo polos muros dos predios particulares, volve atravesar o regato e bordea o predio de Vicente Pazos Rodríguez (nº 559 do Pol. 282, onde se asenta un muíño). Dende aquí continúa polos muros dos predios que se sitúan entre o Regato Languñizo e a parcela, ata o punto de partida na estrada.

Parcela 2: referencia catastral do polígono 280.

Superficie: 0,0430 ha aproximadamente.

Estremas:

Norte: do punto 50 ao punto 52: predios particulares: do polígono catastral 280 :Jesús Camilo Salgado Estévez (nº 243), Antonia Salgado Alonso (nº 244)

Sur: do punto 53 ao punto 49: Estrada de Cualedro a Baltar.

Leste: do punto 49 ao punto 50: camiño.

Oeste: do punto 52 ao punto 53: camiño.

Descrición perimetral: predio de forma trapezoidal que se sitúa fronte á leira 1, na beira norte da estrada de Cualedro a Baltar. O perímetro está delimitado pola mencionada estrada (polo sur), o camiño Os Lodiños (polo leste), muros das leiras 243 e 244 do polígono 280 (polo norte) e camiño (polo oeste).

Monte coa denominación Lama dos Lodiños:

Referencia catastral do polígono 280.

Superficie aproximada 0,5337 ha

Estremas:

Norte: do punto 3 ao punto 5: predios particulares do polígono 280: Juan Carlos Quiroga Pérez (nº 271 e nº 273), Teolinda Paz López (nº 277), Manuela Chaves Atanes (nº 278), e Rosa Rivera Corrales (nº 350).





Sur: do punto 8 ao punto 1: predios particulares: do polígono 280: Rosa Gómez Cuquejo (nº 264) e María Quintana Seoane (nº 263).

Leste: do punto 1 ao punto 3: camiño dos Lodiños.

Oeste: do punto 5 ao punto 8: predios particulares: do polígono 280: Jesús Camilo Salgado Estévez (nº 269).

Descrición perimetral: a 190 metros, seguindo o camiño dos Lodiños, atópase esta parcela ao oeste do mesmo. O perímetro comeza nese punto e continúa lindando co camiño uns 105 m, ata a leira de Juan Carlos Quiroga Pérez (pol. 280, predio 273), onde toma dirección oeste, seguindo uns 67 m a poligonal formado polos muros dos predios particulares cos que estrema, neste punto vira cara ao sur seguindo un peche de arame e postes que remata nun muro de pedra e continúa polo mesmo con dirección leste ata saír ao punto do camiño do que se partiu.

Monte coa denominación Gurita, integrado por 3 parcelas: 1, 2, 3.

Monte próximo a zona urbana de Gudín e as tres parcelas separadas entre si por camiños.

Superficie total en conxunto 0,5915 ha, aproximadamente.

Parcela 1: do punto 1 ao 14.

Referencia catastral polígono 286.

Superficie aproximada 0,1626 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 5: predios particulares : do polígono 286: Nicanor Pérez Paz (nº 48), Josefa Rodríguez Lorenzo (nº 49), M^a Socorro Colmenero Casado (nº 50), José Fonseca Diaz (nº 52), Felisindo e José Seguí Justo (nº 56).

Sur: do punto 7 ao punto 12: zona urbana de Gudín, predios particulares : do polígono 286: Cristalina Fernández Pía (nº 162), Nicanor Pérez Paz (nº 155), e varios (487)

Leste: do punto 5 ao punto 7: camiño

Oeste: do punto 12 ao punto 1: predios particulares: do polígono 286: varios (487), camiño, Nicanor Pérez Paz (nº 48).

Descrición perimetral: parcela sita ao sur do núcleo de Gudín. O perímetro está





delimitado por: norte con paredes dos predios particulares cos que estrema; no leste con camiño; no sur con zona urbana e muros dos predios particulares coas que linda, e no oeste con camiño.

Nesta parcela existe unha construción rectangular dunha soa planta, de aproximadamente 188 m² que era a antiga escola.

Parcela 2: do punto nº 15 ao 36.

Referencia catastral: polígono 286.

Superficie aproximada : 0,1341 ha

Estremas:

Norte: do punto 15 ao punto 23: camiño.

Sur: do punto 25 ao punto 29: camiño

Leste: do punto 23 ao punto 25: camiño

Oeste: do punto 29 ao punto 15: camiño.

Descrición perimetral: sita a continuación da parcela nº 1, delimítase en toda a súa lonxitude por un camiño que se bifurca e rodea a parcela.

Parcela 3: do punto 37 ao 74:

Referencia catastral: polígono 286.

Superficie aproximada 0,2948 ha

Estremas:

Norte: do punto 37 ao punto 47: camiño.

Sur: do punto 53 ao punto 70: camiño e predios particulares: do polígono 286:

Nicanor Pérez Paz e outro (nº 203), David Lorenzo Domínguez (nº 167)

Leste: do punto 47 ao punto 53: camiño.

Oeste: do punto 70 ao punto 37: camiño

Descrición perimetral: sita a continuación da parcela nº 2, sepárase da mesma por un camiño. Partindo do punto nº 37, o perímetro segue o trazado do camiño pola súa estrema





norte e leste ata o punto 54, aquí toma dirección noroeste polo muro dos predios de Nicanor Pérez Paz (Pol. 286, nº 203), David Lorenzo Domínguez (pol. 286, nº 167) e sae á un camiño (punto 70), continuando polo mesmo, con dirección nordeste, ata chegar ao punto de partida.

Monte denominado O Corgo:

Referencia catastral do polígono 283 e polígono 285

Superficie aproximada 0,3152 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 10: predios particulares: do polígono 283: Virginia Paz Conde (nº 1), Ángela Gómez Parada (nº 8), Antonia Pérez Domínguez (nº 7), Hortensia e Luís Enrique Domínguez López (nº 11), Odón Paz Paz (nº 12), Marina, Adolfo e Camilo Gómez Colmenero (nº 13), Paz Salgado Seguí (nº 14), José Pía Teixeira (15), Antonio

Quiroga Seguí (nº 16), Benita Gómez Suárez (nº 17), camiño ..., Hortensia e Luís Enrique Domínguez López (nº 80), José Pérez Pérez (nº 77), Manuel Pérez Pérez (nº 76 e nº 75).

Sur : do punto 13 ao punto 20: predios particulares: do polígono 285:

Manuela Chaves Atanes (nº 449), Concepción Paz Gómez e outra (nº 187), José Gómez Gómez e dous máis (nº 189), M^a Isabel e Adolfo Gómez Díaz (nº 191), Adolfo, Camilo e Marina Gómez Colmenero (nº 170), Marinilde Bouzas Fernández (nº 169).

Leste: do punto 10 ao punto 13: predios particulares: do polígono 283: María Seoane Gómez (nº 74), e camiño.

Oeste: do punto 20 ao punto 1: predios particulares: do polígono 285: Rosa Seoane Estévez (nº 164), camiño, Camilo Seoane Atanes e outra (nº 146), Antonia Paz Díaz (nº 141), Anuncia Seguí Paz (nº 140), Camilo Seoane Atanes (nº 139), David Lorenzo Domínguez (nº 88), María Gómez Gómez (nº 90).....José María Álvarez Seguí (nº 127), Virginia Paz Conde (nº 124), camiño; do polígono 287: María Rodríguez Suárez (nº 37), María Quintana Seoane (nº 36), Virginia Paz Conde (nº 35).

Descrición perimetral: parcela sita ao oeste do núcleo urbano de Gudín, partindo da bifurcación dos camiños que van A Escusa e O Corgo, o perímetro discorre a ambos





lados do camiño que a percorre, en toda a súa lonxitude, limitando cos muros dos predios particulares, do sitio de O Corgo, cos que estrema.

Monte coa denominación Lama de Armental e A Millara.

Referencia catastral: polígono 279 e polígono 287.

Superficie aproximada: 0,2280 ha

Estremas

Norte: do punto 1 ao punto 4: camiño

Sur: do punto 24 ao punto 25: camiño

Leste: do punto 4 ao punto 24: predios particulares: do polígono 279:

José Segúin Justo (nº 111), Severo Domínguez Atanes (nº 112 e nº 113), regato Languñizo; do polígono 287: predios de descoñecido (nº 532) e Concepción Paz Gómez (nº 536).

Oeste: do punto 24 ao punto 1: predios particulares: do polígono 287: José Fonseca Díaz (nº 537); do polígono 279: Elisa Seoane Gómez (nº 115).

Descrición perimetral: parcela sita ao norte do camiño que vai a Raposeira, a 408 metros do punto de partida da estrada de Cualedro a Baltar .A parcela atravesaa o río da Tarañeira (que os veciños chaman Languñizo). O perímetro está delimitado por camiño (linde norte e sur), muro dos predios particulares coas que estrema (polo oeste) e paredes das leiras e Regato Languñizo (no linde leste).

Monte denominado Outeiro do Chamardal:

Referencia catastral: polígono 287.

Superficie aproximada 1,1108 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 4: predios particulares: do polígono 287: Elisa Seoane Gómez (nº 880), Gumersindo Colmenero Rodríguez (nº 543), e M^a del Carmen Segúin Gómez (nº 547).





Sur: do punto 8 ao punto 10: predios particulares: do polígono 287: descoñecidos e Camilo Seoane Atanes (nº 660).

Leste: do punto 4 ao punto 8: predios particulares: do polígono 287:

Concepción Paz Gómez (nº 552), Isabel e Adolfo Gómez Díaz (nº 553), Manuel Seoane Atanes (nº 504), Manuel Estévez Parada (nº 505), e Martín Paz Suárez (nº 506).

Oeste: do punto 10 ao punto 1: predios particulares: do polígono 287: Ángela Gómez Parada (nº 678).

Descrición perimetral: partindo do punto sito máis ao noroeste, no empalme de dous camiños que percorren a parcela, o perímetro segue a poligonal formada polos muros dos predios particulares cos que estrema polo norte, ata un muro que parte en dirección sur, continúa por estas paredes para saír a un empalme de camiños, definindo o límite leste. Dende aquí, con dirección oeste a esquina do predio de Camilo Seoane Atanes (Pol. 287, nº 660), segue polo valado desta ata topar coa estrema da estrema do predio de Ángela Gómez Parada (Pol. 287, nº 678), continúa por esta con dirección norte seguindo os chantóns e marcos que delimitan a mencionada parcela, ata o punto do empalme de camiño do que se partiu.

Monte denominado Poulas de Santamariña.

Referencia catastral: polígono 288, 289 e 290.

Superficie aproximada : 2,4380 ha.

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 7: predios particulares: do polígono 288: Manuel López Álvarez (nº 17), Gumersindo Colmenero Rodríguez (nº 18), do polígono 289: Ana Paz Seoane e outro (nº 211).

Sur: do punto 20 ao punto 22: estrada de Cualedro a Baltar.

Leste: do punto 7 ao punto 20: predios particulares: do polígono 289: descoñecido (nº 437), José Rivera Corrales (nº 146), Celso Atanes Rodríguez (nº 144), Manuela Chaves Atanes (nº 143), Adelino Atanes Lorenzo (nº 142), Felisindo domínguez Rodríguez e outro (nº 141), Secundino López Álvarez (nº 140), Virginia Paz Conde (nº 139) e estrada Cualedro a Baltar.





Oeste: do punto 22 ao punto 1: Regato do Caneiro e predios particulares: polígono 289: José Paz Gómez (nº 306), descoñecido (nº 283), Benito Paz Paz (nº 282), Ana Paz Seoane (nº 281), Gumersindo Colmenero Rodríguez (nº 280), Benjamín, Felisindo e Rosa Dopazo Bouzas (nº 279), José Pía Teixeira (nº 278), Severo Domínguez Atanes (nº 277), Adolfo, Camilo e Marina Gómez Colmenero (nº 276), Virginia Paz Conde (nº 275); polígono 288: José Gómez Parada (nº 127), Avelino Atanes Seoane (nº 129), Odón Paz Paz (nº 130), Purificación Feijóo Domínguez (nº 46).

Descrición perimetral: comezando nunha bifurcación do camiño que atravesa a parcela, o perímetro sobe cara ao norte seguindo a poligonal formada polos muros dos predios particulares cos que estrema, seguindo a dirección que marcan as paredes ata a estrada de Cualedro a Baltar, bordea esta ata o Regato do Caneiro. Neste punto toma dirección noroeste e logo nodeste, cruza o regato e continúa polas paredes dos predios particulares cos que linda ata a bifurcación do camiño onde se comezou.

Monte denominado Toxas:

Referencia catastral: Polígono 288 e 289.

Superficie aproximada 0,6217 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 13: Regato do Caneiro

Sur: do punto 23 ao punto 25: predios particulares: polígono 289: Jorge Domínguez Fidalgo (nº 393)

Leste: do punto 13 ao punto 23: predios particulares: polígono 289: Jorge Domínguez Fidalgo (nº 393).

Oeste: do punto 25 ao punto 1: predios particulares: polígono 288: Odón Paz Paz (nº 189), Benito Salgado Alonso (nº 188), Constantino Salgado Alonso (nº 187), Ángel Seoane Gómez (nº 137).

Descrición perimetral: parcela sita ao sur do Regato do Caneiro. E coas estremas, norte con Regato do Caneiro, leste con muros dos predios particulares coas que estrema e Regato do Caneiro, sur muros das leiras particulares cas que estrema, e oeste con paredes dos predios particulares cos que estrema.

A parcela consta atravesada de leste a oeste por un camiño, polo que ten acceso.





Monte denominado Lama das Toxas.

Referencia catastral: polígono 288

Superficie aproximada: 0,2350 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 7: predios particulares do polígono 288: Jesusa Feijó Domínguez e outro (nº 109), José Pereira Paz (nº 136), José Pérez Pérez (nº 135), Silvestre Paz López (nº 134)

Sur: do punto 7 ao punto 23: Regato do Caneiro e predios particulares do polígono 288: Avelino, Jesús, Marina e Julio Atanes Seoane (nº 143), Isabel e Adolfo Gómez Díaz (nº 142).

Leste: do punto 7 ao punto 8: predios particulares do polígono 288: Antonio Fonseca (parte da nº 131).

Oeste: do punto 23 ao punto 1: predios particulares do polígono 288: Camilo González Parada (nº 145).

Descrición perimetral: parcela sita ao norte do Regato do Caneiro, case a continuación do monte Toxas, o seu perímetro delimitase polos muros dos predios particulares cos que estrema (límite norte, leste e oeste) e Regato do Caneiro e paredes de predios particulares (polo sur).

Monte denominado Poulón da Raposeira.

Referencia catastral do polígono 279 e 278

Superficie aproximada: 1,2301 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 8: predios particulares: polígono 278: Camilo González Parada (nº 582), Ángel González Parada (nº 583), Manuel Domínguez Atanes (nº 584), Obdulia Fidalgo Gómez (nº 585), José Gómez Gómez (nº 586), e Ángel Cuquejo Paz (nº 587).

Sur: do punto 14 ao punto 22: predios particulares: polígono 279: Manuel Costa López (nº 489), Virginia Paz López (490), Ana Paz Seoane (nº 491), José Gómez Gómez (nº





492), e Jose Seoane Atanes (nº 495), Antonio Fonseca Díaz (nº 501 parte), e Martín Paz Suárez (nº 498).

Leste: do punto 8 ao punto 14: predios particulares: polígono 279: Ángela Quintana Seoane (nº 182), e Antonio Fonseca Díaz (nº 482).

Oeste: do punto 22 ao punto 1: Encoro de Gudín (9002 e 9001).

Descrición perimetral: chégase a esta parcela sita ao carón do encoro de Gudín, a través do Camiño da Raposeira, que remata na mesma. O perímetro comeza na bifurcación do camiño principal e outro camiño que recorre o linde leste. Dende esta bifurcación descende dirección noroeste, cara ao encoro seguindo a poligonal formada polos muros dos predios particulares, continúa pola liña do encoro ata a cola que forma no Río da Tarañeira, neste punto sobe en dirección leste e logo norte, seguindo os muros dos predios particulares, para saír ao punto do camiño do que se partiu.

Monte denominado Muíños.

Referencia catastral: polígono 287

Superficie aproximada: 1,9728

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 5: Encoro de Gudín e Río da Tarañeira (Languñizo, segundo os veciños).

Sur: do punto 28 ao punto 33: descoñecidos.

Leste: do punto 5 ao punto 28: predios particulares: polígono 287: Avelino Atanes Seoane (nº 271), Martín Paz Suárez (nº 797), herdeiros Asunción Bouzas Bouzas (nº 798), Avelino Atanes Seoane (nº 799), Florentino Feijoó Domínguez (nº 800), Adolfo Gómez Díaz (nº 801), Cándido Rodríguez Paz (nº 802), José María Álvarez Seguí (nº 807), e descoñecido.

Oeste: do punto 33 ao punto 1: Encoro de Gudín (9002 e 9001).

Descrición perimetral: Chégase a esta parcela a través dun camiño que parte do camiño O Bouzo, a uns 30 metros antes da Ponte de Alborizar sobre o Río da Rousía, con dirección norte, este camiño cruza a parcela de sur a norte. O perímetro da parcela está definido por : Norte: partindo do encoro de Gudín, sobe limitando co Río da Tarañeira (Languñizo), ata unha curva moi pronunciada do mesmo, neste punto toma dirección sur e comeza a estrema leste. Leste: segue a poligonal formada polas paredes dos





predios particulares cos que estrema, no extremo sureste da parcela de José María Álvarez Seguí (pol 287, nº 807), baixa en dirección oeste cara o encoro de Gudín. Sur: segue polos muros dos predios particulares ata chegar ao encoro de Gudín (ou encoro de Faramontaos), neste punto toma dirección norte, comezando a estrema oeste. Oeste: segue o leito do encoro ata o Río da Tarañeira (Languñizo), de onde se partiu.

Monte denominado Toxas ou Poulón.

Referencia catastral: polígono 288.

Superficie aproximada: 4,8363 ha

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 15: predios particulares: polígono 288: descoñecidos, Evaristo Seguí Salgado (nº 88), Manuel Seoane Lorenzo (nº 87), Adelino Atanes Lorenzo (nº 86), Marisol e Adolfo Paz Gómez (nº 85), Gumersindo Colmenero Rodríguez (nº 84), Manuela e Ignacio Pérez Méndez (nº 83).

Sur: do punto 24 ao punto 34: predios particulares: polígono 288: Martín Paz Suárez e outra (nº 151), José Gómez Parada (nº 158), ... , Benita Bouzas Bouzas (nº 165 e nº 167), descoñecido (nº 166), Avelino e Concepción Paz Gómez (nº 253, parte), e Camilo Seoane Atanes (nº 235).

Leste: do punto 15 ao punto 24: predios particulares do polígono 288: Marina, Camilo e Adolfo Gómez Colmenero (nº 82), Severo Salgado Justo e outra (nº 80), Manuel e Ignacio Pérez Méndez (nº 81), María Seoane Gómez e tres máis (nº 97), María Seoane Gómez (nº 98), José Fonseca Díaz (nº 101), ... , Cristalina Fernández Pía (nº 104), José Pérez Pérez (nº 107), José Fonseca Díaz (nº 108) e José María Álvarez Seguí.

Oeste: do punto 34 ao punto 1: descoñecidos.

Descrición do perímetro: comezando no extremo noroeste da parcela, sito no Regato do Caneiro, próximo á desembocadura no Río da Rousía, o perímetro segue a poligonal que forman os muros dos predios particulares coas que estrema, ata volver ao punto de partida.

Monte denominado A Touza e Penedos das Moreiras.

Referencia catastral: polígono 290, 286 e 289.

Superficie aproximada: 31,2523 ha

Estremas:





Norte: do punto 1 ao punto 49: predios particulares do polígono 289: Camilo González Parada (nº 138), Jesús Camilo Salgado Estévez (nº 137), Ángel Seoane Gómez (nº 136), María Seoane Gómez (nº 135), Josefa Rodríguez Lorenzo (nº 134), María Isabel e Adolfo Gómez Díaz (nº 133), José Pía Teixeira (nº 119), Jorge Domínguez Fidalgo (nº 117), Carmen Conde Seoane (nº 273); do polígono 290: Virginia Paz Conde (nº 75 e 76), Camilo Salgado Justo (nº 77), Manuel Quiroga Pérez (78), Benjamín e Felisindo Dopazo Bouzas (nº 34), Luís Enrique Domínguez López (nº 83), ..., Sergio Fernández Gómez (nº 86), Odón Paz Paz (nº 88), Manuel Costa Paz (nº 89), J. Manuel López Barreiro e outro (nº 90), Enrique Feijoó Caramés (28), Benjamín Gómez Estévez (26), Felisindo Seguí Justo (nº 25), Alejandro Rodríguez Paz (nº 58), Josefa Rodríguez Lorenzo (nº 92), Benjamín e Felisindo Dopazo Bouzas (nº 40), Felisindo Seguí Justo (nº 48); do polígono 286: Adelino Atanes Lorenzo (nº 588), descoñecido (nº 609), Ignacio Gómez Pérez (nº 612), ... , Mercedes Parada Fidalgo (nº 624), Manuel Costa Paz (nº 369), Anuncia Cuquejo Atanes (nº 675).

Sur: do punto 87 ao 116: predios particulares do polígono 286: José Pía Teixeira (nº 665), ..., Manuel Seoane Lorenzo (nº 668); do polígono 290: Manuela Seoane Atanes (nº 13), Virginia Paz Conde (nº 12), ..., Antonio e Josefa Bouzas Gómez (nº 6), José Fonseca Díaz (nº 3), Benjamín Gómez Estévez (nº 21), Benito Paz Paz (nº 109), Teresa Seoane Gómez e dous máis (nº 110), Isaura Paz Gómez (nº 111), Carmen Conde Seoane (nº 112).

Leste: do punto 49 ao 87: predios particulares do polígono 286: Sara Luz Álvarez Rodríguez (nº 376), Elisa Seoane Gómez (nº 384), Martín Paz Suárez (nº 385), Adelino Atanes Lorenzo (nº 386), Carmen Conde Seoane (nº 388), Cristalina Fernández Pía (nº 403), Virginia Lorenzo Gómez (nº 407), Esperanza Suárez Méndez (nº 406), Virginia Paz Conde (nº 674), Antonia Pérez Domínguez, Manuela Seoane Atanes, e David Lorenzo Domínguez (nº 632, parte), Juan Seoane Atanes (nº 635), J. Manuel López Barreiro (nº 711), José Rivera Corrales (nº 637), Virginia Paz Conde (nº 639), Felisa Rodríguez Suárez (nº 434), Josefa e Antonio Bouzas Gómez (nº 662).

Oeste: do punto 116 ao 1, Regato do Caneiro, e predios particulares do polígono 290: Benito Salgado Alonso (nº 131), José Pía Teixeira (nº 128), Juan Quintana Seoane (nº 123), María Seoane Parada (nº 122), Fabriciano Atanes Atanes (nº 119), María Seoane





Parada (nº 118), Secundino López Álvarez (nº 117), Amador Conde Carballo (nº 254), José Gómez Gómez (nº 255), e estrada de Cualedro a Baltar (do punto 143 ao punto 1).
Descrición perimetral: parcela sita ao sur de Gudín. Ten acceso pola estrada de Baltar a Cualedro, da que parte un camiño, na curva anterior ó Regato do Caneiro, que a atravesa de norte a sur, o perímetro da parcela está ben definido por : Norte: partindo do punto nº 1 empeza a delimitarse por un penedo grande sita no predio de Camilo González Parada e continúa polos muros dos predios particulares coas que estrema todo o linde norte. Nos puntos 29-30 cruza un camiño, ao igual que nos puntos 49-50, rematando neste último camiño a estrema norte. Leste: segue o límite polos muros dos predios particulares, chegando ao punto 87-88, onde enlaza co monte “As Laxas”. Sur: continúa delimitándose polas paredes dos predios lindantes, ata chegar ao punto 116. Oeste:

comezando no punto 116 o perímetro delimitase polo Regato do Caneiro ata o punto 132, dende aquí deixa o leito do regato e continúa polas paredes das leiras lindantes ata saír á estrada, bordeando ata o punto nº 1.

Como se pode apreciar nos planos adxuntos, a totalidade do perímetro é irregular.

Monte denominado : As Laxas.

Referencia catastral: polígono 286 e 291.

Superficie aproximada: 12,7989 ha.

Estremas:

Norte: do punto 1 ao punto 15: predios particulares do polígono 286: Descoñecido (nº 673), Adolfo, Marina e Camilo Gómez Colmenero (nº 672), Antonio Quiroga Seguí (nº 671), Anuncia Seguí Paz (nº 679), Juan Francisco Sarmiento Seguí (nº 669), Manuel Seoane Lorenzo (nº 668), Camilo Gómez Cuquejo (nº 663), Benjamín, Felisindo e Rosa Dopazo Bouzas (nº 664), monte “As Laxas” dos veciños de Gudín (do punto 7 ao 8), Josefa e Antonio Bouzas Gómez (nº 660), Felisa Rodríguez Suárez (nº 658) e Bernardo Salgado Justo (nº 652).

Sur: do punto 31 ao punto 49: predios particulares do polígono 291: Mercedes Parada Fidalgo (nº 101), José Luis Fidalgo Gómez (nº 128), Serafín Carballo Cuquejo (nº 134), María Antonia Domínguez Bemibre (nº 135), Benita Gómez Suárez (nº 141), Adolfo,





Marina e Camilo Gómez Colmenero (nº 142), Matilde Álvarez García (nº 143), José Feijoo Seoane (nº 144), e Josefa González Álvarez (nº 145).

Leste: do punto 15 ao punto 31: predios particulares do polígono 291: Manuel Costa Paz e outra (nº 67), Luis Enrique Domínguez López (nº 74), José Estévez Parada (nº 65), Ana Conde Conde (nº 62), Ángela Conde Conde e outro (nº 61), Virginia Paz Conde (nº 69), Manuel Costa Paz (nº 71), Camilo Seoane Atanes e outra (nº 72), Cristalina Salgado Alonso (nº 84), Odón Paz Paz (nº 85), Matilde Salgado Alonso (nº 86), Rosa Suárez Méndez (nº 89), María Rodríguez Suárez (nº 90), Camilo, Adolfo e Marina Gómez Colmenero (nº 92), monte “Serra de Larouco”, dos veciños de Gudín (do punto 30 ao punto 31).

Oeste: do punto 49 ao punto 1: predios particulares do polígono 291: varios (nº 107, parte), María Seoane Gómez (nº 182), Asunción Lorenzo Gómez (nº 183), Benjamin Gómez Estévez (nº 184), Manuel López Álvarez (nº 185), Odón Paz Paz (nº 188), Josefa Díaz Paz (nº 189), descoñecido (nº 199), José Gómez Paz (nº 200), Martín Paz Suárez (nº 202), ..., Virginia Paz Conde (nº 206), Gumersindo Colmenero Rodríguez (nº 207)

Descrición perimetral: parcela sita ao sur de Gudín, entre os montes A Touza e Penedos das Moreiras e Serra de Larouco. O perímetro do monte está ben definido por: norte: partindo do punto nº 1, o monte segue a poligonal formada polos muros dos predios particulares cas que estrema, ata o punto nº 15. Nos puntos 7 e 8 do plano referenciado: enlaza co monte A Touza e Penedos das Moreiras; leste: segue o límite polos muros dos predios particulares, chegando ao punto nº 30 e 31, onde enlaza co monte Serra de Larouco; sur continúa delimitándose polas paredes dos predios lindantes, ata chegar a un camiño (punto 49); oeste: comezando no punto 49 o perímetro delimitase polas paredes das leiras lindantes ata chegar ao punto 1, do que se partiu.

Neste monte existe un enclavado de Odón Paz Paz (Pl 291 nº 188) de 0,4265 ha.

Monte denominado Torgal Moreiras:

Referencia catastral polígono 286

Superficie aproximada: 2,4255 ha

Estremas:





Norte: do punto 1 ao punto 9: predios particulares do polígono 286: Cándido Rodríguez Paz (nº 287), J. Manuel López Barreiro (nº 704), Ignacio Gómez Pérez (nº 703), ..., Manuel López Álvarez (nº 698), Primitivo Salgado Rodríguez (nº 278), Rosa Suárez Méndez (nº 277), Bernardina Rodríguez Fernández (nº 276), Virginia Paz Conde (nº 274).

Sur: do punto 13 ao punto 26: predios particulares do polígono 286: Luís Enrique Domínguez López (nº 505), Marina Seoane Parada (nº 506), Brígida Estévez Parada (nº 507), Severo Domínguez Atanes (nº 508), Camilo, Marina e Adolfo Gómez Colmenero (nº 515), Luís Enrique Domínguez López (nº 514), Camilo e Severo Salgado Justo (nº 512), Rosa, Benjamín e Felisindo Dopazo Bouzas (nº 510), Ana Paz Seoane (nº 511), descoñecido (nº 513), Rosa, Felisindo e Benjamín Dopazo Bouzas (nº 393) e Avelino Paz Gómez (nº 392).

Leste do punto 9 ao punto 13: predios particulares do polígono 285: José e Brígida Estévez Parada (nº 555), Antonio Fonseca Díaz (nº 556), José Suárez Méndez (nº 557), e Benjamín Gómez Estévez (nº 564).

Oeste: do punto 26 ao punto 1: predios particulares polígono 286: Concepción Ferreiro Rodríguez (nº 707), Matilde Gómez López (nº 383), Avelino Paz Gómez (nº 392).

Descrición perimetral: partindo do camiño de acceso ao monte que vén de Gudín o perímetro comeza no punto 9, sito próximo a unha bifurcación de camiños, sobe pola ladeira limitando cos muros dos predios particulares do sitio de Salgada e camiño, ata chegar a un muro que parte con dirección sudoeste (punto 13), bordea este nunha zona semichaira e baixa próximo a unha valgada, seguindo as paredes das leiras cas que estrema. Cruza a valgada e un camiño, e continúa polas paredes dos predios particulares de Torgal e Moreiras ata saír ao punto 1.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei “son montes veciñais en man común ... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades





productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polo membros daquelas na súa condición de veciños”

Terceiro.- É reiterada doutrina da Sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e, outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes de un grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Tamén, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Cuarto.- O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade ou aproveitamento distinto.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Primeiro.- Clasificar como monte veciñal en man común o monte coa denominación Serra de Larouco (integrado por 3 parcelas); A Escusa ou Penedo (integrado por 2 parcelas); Lama dos Lodiños; Gurita (integrado por 3 parcelas); O Corgo; Lama de





Armental e a Millara; Outeiro de Chamardal; Poulas de Santamariña; Toxas, Lama das Toxas, Poulón da Raposeira; Muíños, Toxas ou Poulón, A Touza e Penedos das Moreiras; As Laxas; Torgal Moreiras, a favor dos veciños de Gudín, da parroquia de San Miguel de Gudín, do concello de Xinzo de Limia, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto.

Segundo.- Que, en cumprimento do disposto no art. 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989 (citado), a presente resolución se notifique ós interesados no expediente e se publique no diario oficial de Galicia facendo constar que pode ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso- administrativa.



Handwritten signatures and marks, including a large stylized signature and several smaller marks, likely representing the official approval and notification of the resolution.

